# FRANCISCO CARBALLO
## 80 anos na defensa de Galiza



*Hai homes que loitan un día e son bos,*
*hai outros que loitan un ano e son mellores,*
*hainos que loitan moitos anos e son moi bos*
*pero os hai que loitan toda a vida,*
*eses son os imprescindíbeis*

*Bertol Brech*

## Homenaxe Nacional

Marín, 22 de outubro de 2005

" G
fan
a t

"Vi
que
pos

"Sc
ma
sal
Am
esp
nos
pro

## DATOS BIOGRÁFICOS

| | |
|---|---|
| 1925 | Nace en Celeirón, parroquia de Asadur, na vila de Maceda(Ourense). O cuarto de sete irmáns |
| 1936 | Ingresa no Colexio dos Milagres do Monte Medo |
| 1938-40 | Vai estudar a Limpias (Cantabria), onde resolve a súa vocación relixiosa |
| 1940-41 | Continúa estudios en Mugia (Araba) |
| 1941-45 | Fai estudios eclesiásticos no seminario dos PP Paules en Hortaleza (Madrid) |
| 1945-49 | Desprázase a Cuenca para realizar estudios teolóxicos. O 3 de xullo de 1949 ordénase sacerdote na catedral de Cuenca |
| 1949-54 | Cursa estudios universitarios de Filosofía e Letras e Historia. Licenciase en 1954, sendo unha das dúas únicas persoas que tiñan estudios universitarios no Estado Español, dentro dos Paúles, naquel tempo |
| 1954-58 | É destinado como Director Técnico no colexio "San Narciso" de Marín |
| 1958 | É destinado ao Colexio San Vicente de Paúl en Barakaldo |
| 1962 | Dirixe un colexio novo no barrio de Beurko |
| 1965 | É destinado como reitor do teologado de San Vicente Paúl de Salamanca |
| 1973 | Ingresa no colectivo de curas obreiros de Vigo e reside no barrio de Lavadores en Vigo. Imparte docencia no Colexio da Enseñanza, na Escola de maxisterio e no Politécnico de Vigo. Neste tempo entra a militar na UTEG e traballa na Asociación Cultural de Vigo |
| 1977 | Preséntase como candidato ao Senado polo BN-PG na circunscrición de Ourense. |
| | Reaparece o semanario A Nosa Terra, e Francisco Carballo é un dos seus fundadores. Cofunda a revista Encrucillada |
| 1979 | Preséntase como candidato do BN-PG ao Congreso por Pontevedra |
| 1981 | É procesado e xulgado por calificar de asasinato a morte a mans da policía franquista de Moncho Reboiras. Golpe de Estado do 23-F: Francisco Carballo aparecerá na lista negra elaborada polos golpistas. |
| | Preséntase terceiro por Pontevedra nas primeiras eleccións autonómicas na candidatura do BLOQUE-PSG. |
| | Pasa a presidir o semanario A Nosa Terra. Comeza a colaborar coa revista Irimia |
| 1982 | É cabeza de lista por Pontevedra nas eleccións xerais polo BLOQUE-PSG. |
| | Nace o Bloque Nacionalista Galego. Francisco Carballo é electo membro do seu Consello Nacional |
| 1990 | Xubílase como docente e incrementa a súa actividade como historiador e colaborador en revistas científicas e de divulgación(A Nosa Terra, Grial, Encrucillada, A Trabe de Ouro, Terra e Tempo, Seiva, Publicacións da USC, Irimia, Lumieira,...). |
| | Ademais colabora coa Fundación Joan Maragall e con múltiples asociacións culturais do país, entre elas Maio Longo (Pontevedra) e Pedra Longa (Marín) |

FRANCISCO CARBALLO
80 anos na defensa de Galiza

## PUBLICACIÓNS

1963 "Santuario do Monte Medo"

1965 "Espíritu misioneiro da constitución litúrxica"

1968 "Oración, piedade e penitencia"

1974 "Institutos relixiosos hoxe"

1977 Cofunda Encrucillada.
"A Igrexa en Galicia durante a II República",
"A Igrexa Galega ante o Estatuto de Autonomía de 1936",
"Aproximación á historia da Igrexa Galega"
"A Igrexa na Galicia Contemporánea. Análise histórico e teolóxico do período 1931-36"

1978 "II República"

1979 "Historia de Galiza"

1980 "Sindicatos e outras organizacións no campo galego"

1981 Comeza a colaborar co boletín Irimia

1984 "Castelao sen manipulación"

1988 "Igrexa, un perfil preocupante"
"A Nosa Literatura"

1990 "A Igrexa e a guerra civil en Galiza"

1991 "Igrexa e poder en Galicia"
"Historia de Galicia (1-2)"
"Doce anos na búsqueda da nosa identidade"

1992 "Teoloxía da Liberación e teoloxía galega"
"Por un cambio social desde Gramsci"

1995 "A Igrexa galega"

1996 "Historia da Igrexa Galega"
"Cen anos de pastoral rural da Igrexa galega"

1997 "Historia xeral de Galiza"

1998 "Galicia nación e nacionalismo"

1999 "Alexandre Bóveda".
"A Igrexa Galega Contemporánea"

2000 "Breve Historia de Galiza"

2002 "Frai Martín Sarmiento"

Coordinador da colección de A Nosa Terra "Historia de Galiza"

*Hai homes que loitan un día e son bos,
hai outros que loitan un ano e son mellores,
hainos que loitan moitos anos e son moi bos
pero os hai que loitan toda a vida,
eses son os imprescindíbeis*

*Bertolt Brecht*

*" Galicia é a miña patria. Nela acumúlanse sentimentos familiares e de pertenza a un colectivo. É a miña referencia: a terra nai en si e a súa cultura".*

*"Vivo, sinto, amo e aprecio a política. Estou en contra dos que intentan desvalorizar a acción política. En canto me é posíbel, no marco que vivo, axudo en todo o que podo".*

*"Son galego de nación; cristián de convicción; rezo:"Xesús, marana ta; ven, Señor". Amo a miña Patria, Galiza: o mar salobre dos poemas de Manuel Antonio e Eduardo Blanco Amor; a liberdade da Estirpe que di Méndez Ferrín; a esperanza dun pobo enaltecido por Rosalía e Castelao. Levo nos ollos a melancolía de Virxilio, de Bernanos, dos dramas procelosos de Sófocles e Shakespeare".*

A Nosa Terra BNG CIG Encrucillada Coordenadora de Crentes Galegos IRIMIA Galiza Nova




---

Homenaxe a Francisco Carballo en Marín

O Sábado 22 de Outubro na Biblioteca de Marín, as 18:30 celebrase unha mesa redonda con tema FRANCISCO CARBALLO 80 ANOS EN DEFENSA DE GALIZA.

Na mesa redonda participarán:

- Alfonso Eiré
- Anselmo López Carreira
- Engracia Vidal
- Francisco Rodríguez
- Mª Pilar García Negro
- Santiago Prol
- Vitorino Pérez Prieto